

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE PARA A INSTALACIÓN DUNHA PASARELA PEONIL EN SAN MIGUEL DE DEIRO, NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA

N/Expte.: **CONC-PO-2025/184C**

S/Ref.: **CNC02/25/36/0003**

En relación coa solicitude de concesión administrativa de ocupación de 227,98 m² de dominio público marítimo terrestre (DPMT) para a instalación dunha pasarela peonil en San Miguel de Deiro, no Concello de Vilanova de Arousa realizada polo Concello de Vilanova de Arousa, figuran no Servizo do Litoral de Pontevedra, dependente desta Dirección Territorial, os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. De conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, o 30.06.2025, recíbese da Demarcación de costas de Galicia, dependente do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, documentación relativa ao expediente do asunto, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución.

2. Datos do expediente

Obxecto do expte:	Instalación dunha pasarela peonil de acordo ao "Proxecto Construtivo de pasarela Peonil" de novembro de 2024 e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Gustavo Vázquez Herrero.
Situación:	San Miguel de Deiro. Vilanova de Arousa
Solicitante:	Concello de Vilanova de Arousa
Data da solicitude:	23.12.2024
Superficie ocupada:	227,98 m ²

3. Descrición da actuación obxecto de ocupación

O proxecto, obxecto da solicitude do título concesional para a ocupación do DPMT, desenvólvese no entorno da Praia das Patiñas, na desembocadura do Rego do Alcalde. Debido á existencia do dito regato, non existe continuidade na servidume de tránsito no fronte marítimo costeiro. O obxectivo do proxecto é a recuperación e posta en valor do dito fronte marítimo mediante a execución dunha pasarela peonil que permita dar continuidade ao tránsito peonil na fronte litoral, intransitable na preamar, evitando así realizar un desvío



dun quilómetro. Dada a configuración física do tramo de costas é necesario ocupar o DPMT para a execución do dito proxecto.




As obras consisten na construción dunha pasarela peonil tipo pantalán de 80,28 metros de lonxitude, coa finalidade de salvar o desnivel entre as sendas existentes a ámbalas dúas marxes do rego, así como o seu propio leito.


A pasarela se resolve mediante cinco módulos biapoiados de sección U de 6,00 metros de lonxitude e 3,00 metros de largura exterior, fabricados en aluminio. Para a determinación da largura se tivo en conta a coexistencia do tráfico peonil e ciclista. A cota de arranque en ámbolos seus extremos é a +3.70 m e a cota máxima, no vano central é a +5,46 m. En canto ás pendentes, os catro módulos dos extremos teñen unha pendente lonxitudinal do 5,50 %, mentres que o módulo central é horizontal. A subestrutura está formada por 4 piares de alturas comprendidas entre 1,30 e 3,50m e sección circular de 0,60 m de diámetro, o que garante unha ocupación mínima en planta; zapatas de 4,00 x 2,50 x 0,80 metros; dinteis de canto variable entre 0,60 e 0,30 metros, cunha lonxitude total de 3,00 metros e unha largura de 0,60 metros; estribos de 3,00 x 2,00 m de canto que, ademais, contarán cun pequeno espaldón para recibir a pasarela e aletas de 0,20 metros de espesor para recoller o pavimento de zahorra e xabre-cemento.

As cimentacións estarán apoiadas sobre o leito de roca, excepto no estribo sur, que se apoiará sobre un pozo de cimentación de formigón ciclópeo que chegará ata a roca.





A actuación prevista ocupará unha superficie en planta de 227,98 m² en DPMT, ademais, afectará tamén á Servidume de tránsito e á servidume de protección.



As ditas obras con afección ao DPMT consisten, basicamente en:

1. Creación de recintos estancos ou ataguías para impedir que a agua do mar entre na zona de traballo.
2. Escavación e nivelación do terreo para as cimentacións e estribos.
3. Execución de pozo de formigón ciclópeo, encofrado, ferrallado e formigado das cimentacións. Se deberán deixar as esperas para os espaldones e pilas. Ademais, se deixarán embebidas as varillas para a anclaxe da pasarela nos estribos.
4. Encofrado, ferrallado e formigado das pilas e espaldones. Se deixarán as esperas para os dinteis.
5. Encofrado, ferrallado y formigado dos dinteis. Se deixarán embebidas as varillas necesarias para a anclaxe das pasarelas.
6. Colocación e nivelación das placas metálicas de anclaxes sobre as que apoiará a pasarela. Rechéase a distancia entre a placa e o dintel con morteiro ou grout.
7. Colocación das pasarelas (premontadas nop taller) na súa posición.





8. Terminación e acabados na zona: colocación do pavimento de composite e das barandas, protección das cimentacións con escolleira e execución dos embarques.

Conforme á documentación aportada, as obras descritas no proxecto presentarían tamén afección a Servidume de Tránsito en 40.00 m², e á Servidume de Protección nuns 31,60 m².

II. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1. Con data do 23.12.2024 se recibe no Servizo Provincial de Costas a solicitude de concesión para ocupación do DPMT, por parte do Concello de Vilanova de Arousa, para a execución do proxecto sinalado no asunto.

2. O 17.03.2025 se require dende o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra ao Concello de Vilanova de Arousa para a emenda de determinados aspectos formais da documentación enviada.

3. Asemade, coa mesma data, se remite á Subdirección Xeral para a Protección do Mar, informe de compatibilidade preliminar (epígrafe S) ao respecto da execución do dito proxecto construtivo, ao abeiro do artigo 6.2 do RD 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas, modificado polo RD 218/2022, do 29 de marzo.

4. Con data do 17.03.2025 solicítase dende o dito Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, informe á Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación, toda vez que o ámbito da dita actuación e colindante co espazo protexido Rede Natura 2000, ZEPA-ES0000554, Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental de competencia estatal), en relación coa posible afección sobre o dito espazo Rede Natura 2000, aos efectos do disposto no Anexo III.b) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental simplificada de aqueles proxectos situados por debaixo dos umbrais establecidos no Anexo II (indicándose que non se entenden incluídos, nese suposto de tramitación de avaliación ambiental simplificada or proxecto expresamente permitidos pola zonificación e normativa reguladora do espazo, así como os proxectos non susceptibles de causas efectos apreciáveis, de acordo co informe emitido polo órgano competente para a xestión do dito espazo.

5. Con data do 24.03.2025 achégase por parte con Concello de Vilanova de Arousa a documentación requirida.

6. Con data do 28 de marzo de 2025 se inicia dende o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra os trámites de información pública e petición de informes, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento Xeral de Costas do Estado, de acordo aos seguintes pasos:





6.1. Trámite de información pública. Publícase o anuncio da información pública no Boletín Oficial do Estado núm. 80, do 02.04.2025, por un prazo de 20 días, ao abeiro do artigo 152.8 do RXC.

Dentro do prazo regulamentario outorgado non se reciben alegacións, segundo consta no Informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do 12.05.2025, asinado polo Elena Fernández Manteiga.

6.2. Informe da Subdirección Xeral do Patrimonio do Ministerio de Defensa.

Solicitouse informe ao abeiro do artigo 152.6 do RXC mediante oficio do 28.03.2025.

Achégase o dito informe con data do 24.04.2025 emitido en sentido favorable.

6.3. Informe da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Xunta de Galicia.

Solicitouse informe ao abeiro do artigo 152.6 do RXC mediante oficio do 28.03.2025.

Achégase o dito informe con data do 14.04.2025 emitido en sentido favorable.

6.4. Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Solicitouse informe ao abeiro do artigo 152.6 do RXC mediante oficio do 28.03.2025.

Achégase o dito informe con data do 07.05.2025 (fóra do prazo establecido para a emisión dos informes, segundo o artigo 157 do RXC) emitido en sentido favorable, se ben se sinala que: ***"antes do inicio dos traballos se deberá presentar o correspondente proxecto de intervención de control arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural"***.

7. Con data do 12.05.2025 emítese informe do Servizo Provincial de Costas do Estado sobre a solicitude de concesión obxecto deste expediente ao abeiro do artigo 152.10 do RXC.

8. Logo da consulta realizada ante o Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático requiriuse informe ao respecto das posibles afeccións, ao abeiro do artigo 152.6 do RXC, toda vez que este non foi requirido polo Servizo Provincial de Costas e toda vez que segundo se sinala no Informe Do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra faise unha mención continua á afección colindante da Rede Natura 2000.

O informe foi emitido con data do 20.10.2025 en sentido favorable, cunha condición: "Durante a execución das obras minimizarase, na medida do posible, a afección ás matogueiras halófilas presentes na zona de desembocadura do Rego do Alcalde."

9. Con data do 21.10.2025 realízase visita de comprobación por parte dos axentes do Servizo do Litoral, aos efectos de dar cumprimento ao sinalado no artigo 152.3 do RXC, emitíndose informe e plano de confrontación con data do 21.10.2025



10. Con data do 21.10.2025 dáse traslado ao Concello de Vilanova de Arousa da proposta da Resolución para a aceptación do condicionado, ao abeiro do artigo 152.11 do RXC.

11. Achégase por parte do Concello unha resolución da Alcaldía do 30.10.2025 polo que se acorda aceptar expresamente a "Resolución de Concesión de ocupación do DPMT para a instalación dunha pasarela peonil en San Miguel de Deiro, emitida con data do 21.10.2025".

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO DPMT E POSIBLES AFECCIÓNS

1. As obras contempladas no presente proxecto, situadas na súa maior parte en DPMT, pretenden poñer en valor a fronte marítima costeira na que se actúa. Asemade, a actuación permite facilitar a conexión peonil litoral entre os Concellos de Vilanova de Arousa e Cambados promovendo o coñecemento do patrimonio cultural que existe nas inmediacións da zona de actuación (sen afectar ao mesmo), destacando:

-Variante espiritual do Camiño de Santiago: o camiño discorre ao longo de 73 km, divididos en 2 tramos: o primeiro a pé dende Pontevedra ata Vilanova de Arousa e o segundo en barco dende Vilanova ata Pontecesures. Variante non recoñecida oficialmente, polo que non está incluída en ningunha categoría de protección, se ben, segue constituíndo un gran atractivo cultural da zona de Vilanova de Arousa.

-Xacemento Rego do Alcalde: Nas inmediacións da actuación (pero sen afectar ao elemento) identificouse un elemento catalogado do Patrimonio Cultural. O dito elemento localízase na desembocadura do Rego do Alcalde e se trata dos vestixios dun antigo embarcador cuxos restos se atopan en moi mal estado de conservación. Na zona tamén se atoparon fragmentos de téglulas e cerámicas da época romana, depositados no seu momento na Delegación de Cultura de Pontevedra.

2. O ámbito do proxecto referenciado no asunto se empraza sobre terreos coa consideración de DPMT, conforme ao expediente de deslinde DL-163-PO aprobado pola Orde Ministerial do 11 de marzo de 2004.

En canto á compatibilidade da actuación pretendida, coa  Lei 22/1988 de 28 de xullo de Costas e o seu Regulamento, cabe citar que a dita actuación pretendida para a cal se solicita concesión de ocupación do DPMT, se podería amparar no artigo 61.2.b del RD 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

3. Danos posibles ao DPMT.

A actuación pretendida non afecta a tramos de costa coa condición de praia ou a espazos protexidos da Rede Natura 2000, nin a outras figuras de protección ambiental, segundo a documentación achegada (Anexo núm. 6, servizos afectados e coordinación con outros organismos. Apéndice 2. Comunicacions costas- Separata Costas).





Non obstante, debido a que o ámbito da dita actuación é colindante co espazo protexido REDE NATURA 2000 -ZEPA-ES0000554 – Corredor migratorio galaico – cantábrico occidental de competencia estatal, solicitouse informe á Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación, tal e como se recolle no apartado de antecedentes desta mesma proposta/resolución.

IV. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DO PRAZO E DO CANON

1. Proponse para esta ocupación un prazo concesional de TRINTA (30) ANOS, de acordo ao contido no artigo 135.4.c) do RXC.

2. De acordo ao sinalado no informe do Servizo Provincial de Costas do Estado, e dada a natureza do solicitante (Concello de Vilanova de Arpousa) e a finalidade das obras solicitadas, proponse que a concesión quede exenta do abono do canon.

V. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O artigo 64 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do Regulamento Xeral de Costas (Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro) suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables.

2. Conforme ao sinalado no artigo 135 do RXC o prazo de duración da concesión é de 30 anos, dado que se trata de usos que prestan un servizo público, e que pola súa configuración física non pode ubicarse noutros terreos estremeiros.

3. O artigo 31.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polo artigo 60 do RXC sinala que os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, peligrosidade ou rentabilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con subsección ao previsto nesta Lei, noutras especiais, no su caso, e nas normas xerais ou específicas correspondentes, sen que poda invocarse dereito algún en virtude de usucapión, calquera que sea o tempo transcorrido.

Neste caso se trata da instalación de elementos non desmontables e polo tanto se tramita como unha concesión de ocupación do DPMT.

3. O artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polo artigo 61 do RXC permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra ubicación.

A ocupación solicitada resulta, pois, compatible con réxime de utilización do DPMT contido no precepto citado, dado que se trata dunha pasarela peonil (e para o uso de bicicletas) que se instala para dar continuidade ao tránsito peonil na fronte litoral, intransitable na



preamar, evitando así realizar un desvío dun quilómetro. Dada a configuración física do tramo de costas é necesario ocupar o DPMT para a execución do dito proxecto.

4. En atención ao sinalado no artigo 36 da Lei de Costas, nas consideracións que se achegan no corpo desta proposta/resolución, se inclúen todas aquelas medias correctoras en aras a minimizar os posibles danos e perxuizos sobre o DPMT.

5. De acordo ao artigo 42 da Lei de Costas 22/1988, para resolver sobre a ocupación do DPMT achegárase o proxecto básico onde se fixarán as condicións e características das instalación e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar.

A este respecto o Concello de Vilanova achega o "Proxecto Construtivo de pasarela Peonil" de novembro de 2024 e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Gustavo Vázquez Herrero.

6. De acordo ao sinalado no artigo 70 da Lei de Costas 22/1988, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

7. Segundo o artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, toda ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela. Están obrigados ao pago do canon, na contía e condicións que se determinan nesa Lei, os titulares das concesións e autorizacións antes mencionadas.

Segundo se sinala no informe do Servizo Provincial de Costas do Estado de data 12.05.2025 propónse a exención do dito canon no proxecto obxecto deste expediente.

8. Conforme ao sinalado no artigo 152.4 o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra examinou o proxecto requirido a subsanación de determinadas deficiencias as cales se achegaron ao expediente, tal e como se sinalou no apartado de antecedentes.

9. Conforme ao sinalado no artigo 152.4 realízase visita de comprobación por parte dos axentes do Servizo do Litoral con data do 21.10.2025 aos efectos de realizar o plano de confrontación correspondente, a fin de determinar a adecuación do proxecto ao terreo, así como a súa viabilidade.

10. En atención ao sinalado no artigo 152.6 do RXC procedeuse a solicitar os seguintes informes:

10.1. Concello de Vilanova de Arousa. Neste caso, e toda vez que o solicitante é propio Concello de Vilanova de Arousa, non resulta pertinente requirirle o dito informe.





10.2 Informes da Comunidade autónoma:

- Informe da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Xunta de Galicia. Achégase o dito informe con data do 14.04.2025 emitido en sentido favorable.
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Achégase o dito informe con data do 07.05.2025 (fóra do prazo establecido para a emisión dos informes, segundo o artigo 157 do RXC) emitido en sentido favorable, se ben se sinala que: ***"antes do inicio dos traballos se deberá presentar o correspondente proxecto de intervención de control arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural"***.
- Informe do Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Achégase o dito informe con data do 20.10.2025 emitido en sentido favorable, cunha condición: Durante a execución das obras minimizarase, na medida do posible, a afección ás matogueiras halófilas presentes na zona de desembocadura do Rego do Alcalde.

10.3 Informe do Ministerio de Defensa. Achégase o dito informe con data do 24.04.2025 emitido en sentido favorable.

10.4. Informe de compatibilidade coa Estratexia Mariña da Demarcación Noratlántica, ao abeiro do artigo 3.3. da Lei 41/2010, de 29 de decembro, de protección do medio mariño, que establece que: *"La autorización de cualquier actividad que requiera, bien la ejecución de obras o instalaciones en las aguas marinas, su lecho o su subsuelo, bien la colocación o depósito de materias sobre el fondo marino, así como los vertidos regulados en el título IV de la presente ley, deberá contar con el informe favorable del Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, respecto de la compatibilidad de la actividad o vertido con la estrategia marina correspondiente de conformidad con los criterios que se establezcan reglamentariamente"*.

Polo tanto, a actuación está incluída dentro das actuacións recollidas no epígrafe S del anexo I do RD 79/2019, de 22 de febreiro, modificado polo RD 218/2022 do 29 de marzo: *"Otros: cualquier otra actuación susceptible de estar sujeta a informe de compatibilidad por tratarse de uno de los supuestos sometidos a uno de los procedimientos del artículo 6 y que esté directamente relacionada con la consecución de los objetivos ambientales u suponga un riesgo para el buen estado ambiental conforme a lo señalado en el apartado 3.3 de la Ley 41/2010, de 29 de diciembre"* .

Aos efectos oportunos, constan no expediente:

- Informe preliminar de compatibilidade coa Estratexia Mariña da Demarcación Noratlántica, asinado polo Xefe do Servizo Provincial de Costas do Estado do 14.03.2025.
- Informe de afección relativo á solicitude de concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre con destino á execución do "proxecto construtivo de pasarela peonil en



San Miguel do Deiro. Vilanova de Arousa” da Subdirección Xeral de Biodiversidade Terrestre e Mariña do 14.05.2025.

11. Ao abeiro do artigo 152.8 do RXC procedeuse por parte do Servizo Provincial de Costas do Estado ao trámite de información pública por un prazo de 20 días mediante a publicación no BOE núm. 80, do 02.04.2025, sen que conste ningunha alegación, todo elo segundo consta no Informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do 12.05.2025, asinado polo Elena Fernández Manteiga.

12. Conforme ao artigo 152.11, no caso de acceder ao outorgamento da concesión, comunicárase ao petionario as condicións en que podería ser outorgada a dita concesión, por un prazo de 10 días, sendo a comunicación desta proposta de resolución o documento sinalado ao efecto.

13. Achégase por parte do Concello unha resolución da Alcaldía do 30.10.2025 polo que se acorda aceptar expresamente a “Resolución de Concesión de ocupación do DPMT para a instalación dunha pasarela peonil en San Miguel de Deiro, emitida con data do 21.10.2025”, de acordo ao artigo 152.11 do RXC.

13. No ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no DPMT; e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución (Disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral).

Á vista do exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- OUTORGAR ao Concello de Vilanova de Arousa, a concesión para a ocupación de 227,98 m² de dominio público marítimo terrestre (DPMT) para a instalación dunha pasarela peonil en San Miguel de Deiro, no Concello de Vilanova de Arousa, conforme ao “Proxecto Construtivo de pasarela Peonil” de novembro de 2024 e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Gustavo Vázquez Herrero, de acordo coas seguintes condicións e prescricións incluídas ao final desta proposta/resolución

SEGUNDO.- As administracións públicas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous



meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo en igual prazo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

CONDICIÓN XERAIS DA CONCESIÓN

1. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, e o seu regulamento de desenvolvemento.
2. Esta concesión outórgase polo prazo de TRINTA (30) ANOS, de acordo co indicado no artigo 135.4.c do vixente Regulamento de Costas. O seu cómputo iniciárase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na lei de costas e no seu regulamento de desenvolvemento.
3. As obras realizaranse con arranxo ao proxecto subscrito por facultativo competente, segundo nome e data que se indica no apartado 2 de antecedentes desta proposta/resolución coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución, levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, que deberá designar como director das obras unha persoa facultativa competente.
4. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.
5. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivos.
6. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fose dos límites da mesma, tales como provisións, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.
7. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.



8ª. O concesionario queda obrigado a presentar o título desta concesión dentro do prazo de trinta (30) días, contados desde o seguinte á notificación do outorgamento, na Oficina liquidadora que corresponda, a efectos de satisfacer, se procede, o Imposto Xeral sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, conforme ao texto refundido do devandito Imposto, actualmente vixente, e a entregar xustificante diso no Servizo do Litoral correspondente.

Así mesmo, no mesmo prazo, deberá entregarse documentación que acredite constituír, se procede, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou nas Delegacións Provinciais da ATRIGA), a fianza definitiva equivalente ao 5 por 100 do orzamento total das obras e instalacións a realizar no dominio público.

9. O concesionario queda obrigado a repoñer e conservar os fitos do deslinde aos que estea referida a concesión, na forma que se lle indique polo Servizo do Litoral correspondente.

10. O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que poidan causar as obras autorizadas, directa ou indirectamente, nas praias e costas inmediatas ou próximas, a xuízo do Servizo do Litoral correspondente, debendo presentar para estes efectos no prazo que se lle sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados polas mesmas. Aceptado o devandito proxecto polo órgano competente en materia de litoral, o concesionario realizará as obras no prazo que se lle indique.

11. Tal e como consta no informe do servizo provincial de costas de Pontevedra, de data 12 de maio de 2025, dada a natureza do solicitante (Concello de Vilanova de Arousa) e a finalidade das obras solicitadas, a concesión queda exenta do abono do canon.

12. O concesionario solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente, coa suficiente antelación para que as obras poidan comezarse dentro do prazo, a comprobación do reformulo das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos xeral e de detalle, correspondendo ao órgano competente en materia de litoral a súa aprobación, se procede.

Nos devanditos planos deberán representarse, polo menos, coas suficientes referencias fixas:

- a) O deslinde do dominio público (liñas interior e exterior da zona marítimo-terrestre e, no seu caso, liña de praia ou doutras pertenzas do dominio público marítimo-terrestre).
- b) No seu caso, os accesos públicos ao dominio público marítimo ata a súa conexión con viais públicos.
- c) O dominio público en concesión e a súa ocupación coas obras do proxecto, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición.





- d) As zonas de distinto uso, público e privado.
- e) Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies mencionadas e o seu carácter.

13. O concesionario dará comezo ás obras no prazo de 6 meses dende o día seguinte á comunicación da concesión de ocupación do DPMT e a efectiva posesión dos títulos habilitantes necesarios para o comezo das obras, así como do remate do procedemento de contratación administrativa, se así fora necesario. O prazo establecido comezará ao día seguinte do efectivo cumprimento do derradeiro dos condicionantes sinalados. Asemade deberá terminar as obras no prazo máximo de 18 meses dende o comezo efectivo das mesmas.

14. O concesionario non poderá ocupar, para a execución das obras, espazo algún do dominio público fora do autorizado especialmente para iso polo Servizo do Litoral correspondente.

15. Se transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, estas non se iniciaron e o concesionario non solicitase a prórroga daquel, a Administración poderá declarar resolta ou anulada a concesión, quedando a favor da Administración Autonómica a fianza constituída.

16. O Servizo do Litoral provincial correspondente poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar se as mesmas se axustan ao proxecto en base ao cal se outorgou a concesión.

Se apreciase a existencia de desviacións en relación co mesmo, ordenará a paralización das obras na forma establecida polo artigo 103 da Lei de Costas, incoando, no seu caso, os expedientes que correspondan e, en particular, o de caducidade cando as modificacións sexan de sensible importancia.

17. Se o concesionario incumprise o prazo de terminación das obras sen solicitar prórroga do mesmo, será potestativo do órgano competente, o concederlle unha prórroga do devandito prazo, con posibilidade dunha sanción de ata o 10% do orzamento total das obras, ou incoar o expediente de caducidade da concesión.

Se se concedese a dita prórroga, a mesma será a última que poderá outorgarse nestas condicións, polo que un novo incumprimento levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

18. Se o concesionario, antes de terminar as obras e instalacións, renunciase total ou parcialmente á concesión, perderá a fianza constituída, a menos que demostrase que a renuncia foi motivada pola denegación, por parte doutros organismos oficiais, dos títulos habilitantes, permisos ou outras autorizacións necesarias. Ademais, salvo decisión contraria



do órgano competente, quedará obrigado a levantar as obras e instalacións á súa costa, deixando o terreo da concesión libre de toda ocupación, no prazo de que se lle sinale.

19. Terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final da obra, subscrito polo seu director e visado polo seu Colexio profesional, no que deberán estar incluídas todas as obras, mesmo, no seu caso, as correspondentes á vertedura de augas residuais ao mar, e solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente o recoñecemento final das mesmas, que se practicará con asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos cos mesmos requisitos que os de reformulo. O incumprimento desta condición levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

20. A fianza definitiva devolverase ao concesionario ao ano de ser aprobados polo órgano competente a acta e planos de recoñecemento final das obras. Ditas obras substituirán entón á fianza e responderán do cumprimento das cláusulas desta concesión, cando fose procedente.

21. O concesionario queda obrigado a conservar e manter as obras e terreos concedidos en perfecto estado de utilización, mesmo desde os puntos de vista de limpeza, de hixiene e de estética, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas para iso. Cando estas teñan o carácter de gran reparación, o concesionario deberá presentar previamente, para a súa aceptación, no seu caso, pola Administración, o proxecto correspondente.

22. O Servizo do Litoral correspondente poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación e mantemento das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións e outras accións que deban realizarse para o cumprimento dos termos da concesión, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle indique e na forma establecida na anterior condición. Se o concesionario non realizase estas actuacións no prazo establecido, o órgano competente da Administración Autonómica poderá impoñerlle unha sanción económica que non exceda do 10% do orzamento total das obras autorizadas, concedéndolle un novo prazo de execución. Se o concesionario non executase as reparacións neste novo prazo, incoarase o expediente de caducidade da concesión.

23. A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas por medio de concesión, sempre que se deba a causas de forza maior, dará dereito ao concesionario a optar entre a renuncia á concesión sen dereito a indemnización algunha e coa obrigación de demoler e retirar os restos das obras, ou a reconstrución ás súas expensas das mesmas no prazo que se lle sinale polo órgano competente. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anterior corresponderá ao órgano



competente, aínda que no caso de que o concesionario non presente a renuncia á concesión, instruírase o expediente de caducidade da mesma.

24. Se o concesionario, unha vez terminadas as obras e aprobada a acta de recoñecemento final das mesmas, renunciase total ou parcialmente á concesión, quedará obrigado, de acordo co que se determine polo órgano competente da Administración Autonómica a entregar as obras e instalacións ao dominio público estatal ou levantalas á súa costa, deixando neste último caso o terreo total ou parcialmente libre de ocupación.

25. O concesionario non poderá destinar os terreos de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados na concesión.

26. Se durante a vixencia da concesión advertísese a realización de obras ou usos non amparados pola mesma, o Servizo do Litoral correspondente ordenará, respectivamente, a súa paralización ou suspensión, na forma e cos efectos previstos no artigo 103 da Lei de Costas. Se as infraccións cometidas, fosen de importancia notoria, incoarase, así mesmo, expediente de caducidade da concesión.

27. A transferencia das concesións axustarase ao establecido no artigo 70.2 da Lei de Costas.

28. O concesionario virá obrigado a cumprir as disposicións vixentes ou que en diante se diten, que afecten ao dominio público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan, especialmente as correspondentes á ordenación do dominio marítimo, e á Lei de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as que se executen nin o seu uso poida ser obstáculo para o exercicio das servidumes de tránsito, protección e acceso ao mar.

29. A Administración Xeral do Estado se reserva a función de rescate das concesións demaniais cando a presenza dunha razón de interese xeral vinculada ao seu ámbito de competencias así o esixa.

30. Cando sen intervención da Administración, varíen os supostos físicos sobre os que se outorgou a concesión, a Administración poderá modificar ou declarar resolta a mesma en función das variacións ocorridas e normativa aplicable, sen que o concesionario teña dereito a indemnización.

31. Cando por vencemento do prazo concesional se produza a reversión, quedarán extinguidos automaticamente, sen necesidade de declaración expresa, os dereitos reais ou persoais que puidesen ostentar terceiras persoas sobre o dominio público concedido e as



obras e instalacións obxecto da concesión. Tampouco asumirá a Administración os contratos de traballo que puidese concertar o concesionario para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, por tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a substitución de empresa prevista na lexislación laboral vixente.

32ª. Terminado o prazo concesional, reverterán ao dominio público estatal os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión, estando obrigado o concesionario, ás súas expensas, á demolición e retirada das devanditas obras e instalacións, parcial ou totalmente, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización ningunha, excepto no caso de que a Administración durante o prazo de tantos meses, antes do vencemento do prazo concesional, como anos teña o mesmo, de propia iniciativa ou a pedimento do concesionario, declare que, dado que se mantén o interese público das obras e instalacións, proceda ao seu mantemento para continuar a súa explotación na forma que se determine. Da recepción pola Administración dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecer.

33. O incumprimento total ou parcial das condicións e prescricións impostas na concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción contemplada na lei 22/1988, de costas, sen prexuízo de que, cando a xuízo da Administración, a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, esta pasará o tanto de culpa á xurisdición competente.

34. A declaración de caducidade supoñerá a perda da fianza ou fianzas constituídas, no caso de que aínda non se devolveron, podendo levar aparellada, a criterio do órgano competente, a demolición e retirada das obras e instalacións, parcial ou total, a cargo do concesionario, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización algunha. A tramitación do expediente de caducidade realizarase con independencia da incoación do procedemento sancionador que proceda.

35. Cando o concesionario obrigado a iso non leve a cabo as accións que o órgano competente lle ordene, en aplicación das condicións correspondentes, este, de conformidade co artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, poderá executalas subsidiariamente, sendo o importe dos gastos, así como dos danos e prexuízos a cargo do concesionario.

36. Se en virtude das actuacións practicadas o concesionario tivera que satisfacer á Administración cantidade líquida, en caso de falta de pagamento seguirase o procedemento de apremio correspondente.





CONDICIÓN PARTICULARES DA CONCESIÓN

A condición particular recollida no informe do Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 20.10.2025, é a que segue:

1. Durante a execución das obras minimizarase, na medida do posible, a afección ás matogueiras halófilas presentes na zona de desembocadura do Rego do Alcalde.

A condición particular recollida no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, do 07.05.2025 (fóra do prazo establecido para a emisión dos informes, segundo o artigo 157 do RXC), é a que segue:

1. Antes do inicio dos traballos se deberá presentar o correspondente proxecto de intervención de control arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As condicións particulares recollidas no informe da Subdirección General de Biodiversidade Terrestre e Mariña (SGBTM) DO 129.05.2025 son as seguintes:

1. A execución das obras incluírá unha adecuada xestión dos traballos, maquinaria e residuos, tomando todas as medidas oportunas para garantir que non se produce ningún tipo de contaminación ou vertido. Calquera residuo derivado da actuación debe ser caracterizado e xestionado por un xestor autorizado, de acordo coa lexislación aplicable.

2. O promotor deberá velar polo cumprimento de todas as medidas preventivas e corretoras aportadas na documentación. Ademais, deberá incluír as seguintes medidas enfocadas á protección do medio mariño:

- Se deberá realizar unha labor de concienciación antes do inicio das actuacións, dirixida aos traballadores da obra, na que o promotor deberá informar sobre o valor do entorno no que se encontran e das especies protexidas que habitan na zona, así como as medidas de protección que deberán adoptar para evitar danos á flora e á fauna, especialmente sobre a pardela balear. Se fora necesario, esta medida se repetirá durante as obras.
- Se deberán implementar os dispositivos de filtrado de sedimentos e contención de turbidez e/ou posibles vertidos ao medio durante todo o período que duren las obras. O promotor deberá asegurarse da efectividade das barreiras de contención a utilizar e en caso contrario se deberán tomar as medidas necesarias para substituílas.

3. O promotor deberá velar polo cumprimento do programa de vixilancia e seguimento ambiental. Ademais, este programa deberá incluír un seguimento da calidade das augas mariñas, especialmente da turbidez, que permita verificar o adecuado funcionamento das barreiras de contención á hora de prever a dispersión do material en suspensión xerado polas obras no medio mariño.



4. A información recabada no programa de vixilancia e seguimento ambiental deberá compilarse en informes periódicos, que serán remitidos á SGBTM.
5. Finalizada a xornada laboral, se realizará una limpeza da zona, evitando que queden materiais ou ferramentas de traballo abandonadas, o que podería ser unha fonte de contaminación ao medio.
6. Se suñña a importancia de levar a cabo un mantemento e vixilancia adecuados para todos os elementos instalados, tanto os provisionais (p. ex. barreiras de contención) como os definitivos, garantindo que cada compoñente conserve as súas características funcionais ao longo da súa permanencia no medio mariño. Debe verificarse a correcta vixilancia e o mantemento deben levarse a cabo cunha frecuencia adecuada y, en calquera caso, cunha periodicidade inferior á vida útil esperada para as instalacións.
7. O promotor deberá velar polo cumprimento do Proxecto de Xestión de Residuos asegurando unha adecuada xestión dos traballos, maquinaria e residuos, que garanta que no se produce vertido ningún ao mar.
8. No caso de producirse o detectarse un episodio contaminante, se debe informar ao 112 de forma inmediata, proporcionando, sempre que sexa posible, as coordenadas da súa ubicación. Se prohíbe realizar vertidos, de calquera natureza, á ría.
9. Se deberá dispoñer dun protocolo de actuación que garanta a rápida e efectiva actuación ante un hipotético caso de vertido accidental, dentro dos planes e instrumentos de continxencia contra a contaminación mariña.
10. Se recomenda evitar as actividades máis ruidosas durante as primeiras horas da mañá (de 7:00 a 9:00 h) e as últimas horas da tarde (de 18:00 a 20:00h) durante a duración de toda a obra co fin de evitar molestias á avifauna presente no entorno.
11. Antes de iniciar as operacións se comunicará á SGBTM o calendario final do proxecto e a data de inicio das actuacións.
12. Se notificará á SGBTM calquera repercusión identificada no entorno mariño e os seus valores naturais especialmente as incidencias detectadas na ZEPA.



As condicións particulares recollidas no informe da Subdirección General para la Protección del Mar de data 01.07.2025 son as seguintes:

1. Debe evitarse calquera molestia ou dano sobre as comunidades de especies incluídas no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial o do Catálogo Español de Especies Ameazadas. As ditas especies se atopan sometidas ás medidas de protección establecidas na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural y da Biodiversidade, e en particular ás prohibicións do seu artigo 57. Por iso, aconséllase realizar unha prospección submarina previa ao inicio das obras na zona de actuación e os seus arredores, para descartar a presenza de especies mariñas protexidas.

2. A execución de unidades de obra que potencialmente puideran afectar á lámina de auga se levará a cabo coa mar en calma. Os traballos no medio mariño se realizarán en condicións da mar que garantan a efectividade das medidas, suspendéndoseas cando a corrente sexa importante, así como en situacións de fortes ventos. Todos os materiais empregados na obra e que se encontren en contacto co mar non resultarán contaminantes para o medio mariño. Na medida do posible, y sempre que sea tecnicamente viable, os elementos a ubicar no medio mariño se colocarán lavados previamente para minimizar a dispersión de finos en suspensión.

No suposto de detectarse efectos como perda de transparencia e turbidez da auga durante a execución das obras, deberá suspenderse a execución dos traballos ata que as circunstancias sexan as adecuadas, ou empregar medidas como barreiras de retención de sedimentos ou barreiras anti-turbidez. As ditas barreiras serán no rebasables pola oleaxe e deberán permitir, na medida do posible, confinar a turbidez xerada no entorno inmediato das obras. Estas tarefas se realizarán con condicións do mar que permitan que esta medida sexa efectiva.

3. Deberán adoptarse as medidas necesarias para minimizar os efectos adversos das obras a desenvolver no medio mariño, incluíndo unha adecuada xestión dos traballos, maquinaria e residuos, que garanta que no se produce vertido ningún nin chegada de lixo ao mar polas obras. Os materiais a empregar nas obras que queden en contacto coa lámina de auga mariña se seleccionarán de maneira que resulten inertes para as comunidades biolóxicas mariñas, libres de calquera elemento que poda producir contaminación química ou biolóxica.

Durante os traballos se terá especial precaución en non depositar residuos ou produtos sólidos en zonas onde se podan producir arrastres de materiais cara ao mar. Se deberá dispoñer dalgún medio de contención para evitar a dita situación.

Calquera residuo derivado da actuación debe ser caracterizado e xestionado por un xestor autorizado de acordo coa lexislación aplicable. Ademais, se deberá contar cun plan de



xestión de residuos xerados durante a fase de obra e de explotación, que garanta a mínima aparición de lixos mariños, por parte de operarios e usuarios.

4. Todos os elementos da instalación deberán ser dimensionados para resistir os esforzos que podan sufrir ao longo do período no que se encontren instalados no mar, de maneira que non poda producirse a rotura destes e a perda no mar dos elementos necesarios. Se seleccionarán os materiais de maneira que non se produza contaminación do medio mariño nin se favorezan procesos de corrosión que podan restar eficacia á instalación.

5. Os elementos que se instalen deben ser obxecto dun adecuado mantemento e vixilancia, que asegure que cada unha das súas partes conserva as características adecuadas para a súa función. O control debe realizarse tanto sobre os elementos somerxidos como os que se encontran en superficie, comprobando que se encontran adecuadamente fixados, sen indicios de desgaste ou corrosión, etc. En este sentido sería conveniente realizar tamén unha inspección de toda a instalación despois dos temporais.

6. Respecto ao impacto producido polo ruído, dependendo de como se execute a actuación pode chegar a xerar unha intensidade, duración e frecuencias de ruído submarino que afecte ás especies mariñas do entorno.

Se durante a actuación se produciran actuacións que puideran xerar ruídos submarinos, entón se deberán contemplar e cumprir medidas preventivas e correctoras para mitigar os impactos por ruído submarino, como poden ser:

- Uso de técnicas construtivas de menor emisión sonora.
- Los procesos de carga e descarga se acometerán sen producir impactos directos sobre o solo. A maquinaria e as ferramentas a empregar deberán cumprir coas especificacións recollidas na normativa en materia de ruído, estarán en bo estado de conservación e mantemento, coa documentación actualizada, e dispoñerán das inspeccións e revisións pertinentes en vixencia.
- No caso de que sexan necesarias tecnoloxías especialmente ruidosas, deseño de medidas específicas de vixilancia e supervisión das obras, para evitar a presenza de especies sensibles durante os traballos máis ruidosos, que poden estar basadas no "Documento Técnico sobre Impactos e Mitigación da Contaminación Acústica Marina".
- En calquera caso, antes de comenzar as obras deberse comprobar que non existe presenza de cetáceos, tartarugas mariñas, ou aves mariñas na zona de actuación. No caso de habelos, deberán pospoñerse as actividades ata que non haxa risco para a dita fauna.



7. Na documentación aportada polo promotor se presentan unha serie de medidas para reducir ou eliminar os efectos ambientais sobre os valores naturais. Estas deberán ser en todo caso aplicadas.

8. Segundo o establecido no artigo 10 do Real Decreto 79/2019, de 22 de febreiro, modificado polo Real Decreto 218/2022, de 29 de marzo o informe de compatibilidade coa estratexia mariña da demarcación mariña noratlántica terá un período de vivencia de catro anos dende a súa notificación. Sendo necesario volver a consultar á Dirección Xeral se se producise algunha modificación da actuación.

Santiago de Compostela, data do asinamento dixital

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Paula Uría Traba

